

ASOCIACIÓN
ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL
- *ESTATUTOS* -
27 de maio de 2011



TITULO I. CONSTITUCION, DOMICILIO, DURACIÓN, FINS E ÁMBITO

Artigo 1.

De conformidade coa Lei 1/02, do 22 de marzo, e a disposición transitoria primeira adáptanse estes estatutos á devandita lei, ratificándose a denominación de ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL como unha asociación, sen ánimo de lucro, no sector audiovisual (cine, vídeo, televisión, animación, multimedia, etc.), no eido da Comunidade Autónoma de Galicia, que agrupa persoas físicas que teñan a calidade de creadores ou profesionais do audiovisual.

Artigo 2.

A **ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL** goza de plena personalidade xurídica e capacidade para obrar no cumprimento dos seus fins, segundo a lei pola que se rexe, mediante o depósito dos presentes estatutos na Oficina Pública establecida para o efecto. Un regulamento de réxime interno da Academia regulará e desenvolverá con maior detalle todo o concernente ao seu funcionamento, sen que, en ningún caso, poida entrar en contradición cos presentes estatutos.

Artigo 3.

A Academia desenvolverá a súa actividade en todo o territorio galego, fixando o seu domicilio na Casa do Consulado, Praza Pintor Sotomayor s/n, 2º piso, 15001 A Coruña, teléfono N° +34 981227701. Non obstante, poderá establecer toda clase de oficinas e dependencias en calquera localidade onde se estime conveniente para o mellor logro dos seus fins. Cando o cambio de domicilio se produza dentro do mesmo termo municipal, poderase realizar por acordo da Xunta Directiva, que se comunicará a tódolos socios e publicarse nun diario dos de maior circulación da Comunidade Autónoma, podendo ser practicada a inscrición por medio de certificación do acordo coas sinaturas do Secretario e do Presidente da Xunta Directiva.

Artigo 4.

A duración da Academia será indefinida, e a súa disolución será regulada polos presentes estatutos e a lexislación vixente.

Artigo 5.

O fin da Academia Galega do Audiovisual é fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas directa ou indirectamente coa produción audiovisual en todos os seus subsectores, xéneros e formatos. A Academia en cumprimento dos seus fins realizará, entre outras, as seguintes actividades:

- a. A promoción e defensa da imaxe pública do conxunto dos profesionais do sector audiovisual.
- b. Premiar e galardoar aos profesionais ou ás obras audiovisuais máis destacadas no exercicio das súas actividades artísticas ou profesionais, mediante a convocatoria anual dos "Premios do Audiovisual Galego", ou fórmula similar que no seu momento se determine.
- c. O desenvolvemento e perfeccionamento das distintas especialidades relacionadas coa produción audiovisual.
- d. O intercambio de experiencias entre os seus membros, a coordinación dos diferentes aspectos das súas actuacións e a análise dos problemas profesionais comúns.
- e. O establecemento de intercambios científicos e culturais con entidades similares.
- f. A posible concesión de premios a traballos sobre temas de investigación científica ou outros relacionados coa produción audiovisual en Galicia.
- g. En xeral, cantas outras funcións de análoga natureza considérense necesarias ou convenientes, ou lle sexan encomendadas polas disposicións vixentes ou que se diten no futuro.

A Academia terá toda a amplitude necesaria para desenvolverse con plena capacidade xurídica e económica que lle permita realizar e concertar toda serie de actos e contratos conducentes aos seus fins, podendo mesmo crear, promover e participar noutras entidades ou institucións e, moi especialmente, a dotación de premios que sirvan á mellora da produción audiovisual.

A Academia exclúe expresamente das súas fins os propios dun sindicato ou organización laboral e é independente de calquera grupo relixioso, político, económico ou ideolóxico e acóllese ó artigo 14 da Constitución Española aprobada polas Cortes o 31 de outubro de 1978.

TÍTULO II. DOS MEMBROS DA ACADEMIA

Artigo 6.

Poderán ser membros da Academia, en xeral e sen prexuízo do establecido nos presentes estatutos, as persoas físicas que sexan creadores ou profesionais do sector audiovisual ademais, de aqueles que polo seu labor relacionado co medio sexan designados membros de honra. Para a súa admisión como membro, as persoas interesadas formularán a súa solicitude dirixida ó Presidente da Academia, quen a someterá á Xunta Directiva na primeira reunión que esta celebre.

Artigo 7.

A Academia comporase dos seguintes membros:

A) MEMBROS ASOCIADOS:

Os membros asociados serán aquelas persoas físicas que, manifestando o seu desexo de coadjuvar na consecución das fins da Academia, sexan admitidos pola Xunta Directiva e ratificados posteriormente pola Asemblea Xeral. Terán a denominación de *membros fundadores* aqueles que participaron no acto de constitución da Academia tendo dereito a que figure esta condición no título acreditativo da súa pertenza á Academia e terán a consideración de membros de número aqueles que ingresaron despois da constitución da Academia.

Os membros asociados colaboran nas tarefas da Academia baixo a supervisión e control da Xunta Directiva.

A condición de membro asociado supón a aceptación dos estatutos e regulamento da Academia, así como as modificacións que puideran sufrir no seu día, e así mesmo, ao acatamento das decisións dos órganos de goberno adoptados validamente nas esferas das súas respectivas competencias.

A efectos de constancia e garante dos membros asociados levarase un libro rexistro dos mesmos, dilixenciado polo Secretario co visto e prace do Presidente e do que se expedirán os oportunos certificados.

Os membros asociados terán os seguintes **dereitos**:

1. A participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, a exercer o dereito de voto, así coma a asistir á Asemblea Xeral de acordo cos estatutos.
2. A ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
3. A ser escoitado con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias na súa contra e a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas, debendo ser motivado o acordo que, no seu caso, impoña a sanción.
4. Recibir as publicacións periódicas da Academia.
5. Colaborar nos traballos e debates das comisións de traballo cando así o acorde Xunta Directiva.
6. Asistir a todos os actos públicos que convoque a Academia.

Os membros asociados terán as seguintes **obrigas**.

1. Compartir as finalidades da Asociación e colaborar para a consecución das mesmas.
2. Pagar as cotas, derramas e outras aportacións que, conforme aos estatutos, poidan corresponder a cada socio.
3. Cumprir co resto de obrigas que resulten das disposicións estatutarias.
4. Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.
5. Satisfacer as cotas ordinarias e extraordinarias que fixe a Xunta de Goberno, previo informe da comisión de financiamento.
6. Abonar os dereitos que correspondan por expedición de títulos ou despacho de certificacións.

B) MEMBROS DE HONRA:

Serán membros de honra as persoas físicas que polo seu prestixio ou por teren contribuído de xeito relevante á significación e desenvolvemento do sector audiovisual galego, fáganse acredores de tal distinción. O nomeamento dos membros de honra correspóndelle á Xunta Directiva.

Os membros de honra serán designados pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva, por maioría das dúas terceiras partes da Asemblea, en virtude de proposta feita por cinco membros da mesma, acompañada dunha relación dos méritos e condicións do candidato.

Os membros de honra non poderán formar parte da Xunta Directiva, nin de comisións que leven implícitas actividades de carácter decisorio ou económico, a excepción do dereito a voto, agás nos premios, podendo ser asesores, consultores ou conselleiros sen grao de responsabilidade.

Os dereitos dos membros de honra pérdense polo estipulado no artigo 11 a excepción da falta de pago.

Os membros de honra están obrigados a aceptar os estatutos da Academia e acatar as decisións validamente adoptadas polos órganos de goberno.

Os membros de honra da Academia están exentos de pagamento de cotas de calquera tipo que se establezan así como de toda responsabilidade económica.

C) SOCIOS COLABORADORES

Serán membros colaboradores aquelas persoas físicas ou xurídicas que estean estreitamente vinculadas ó audiovisual e non cumpran os requisitos oportunos para ser membros de número.

A efectos de constancia e garante dos membros colaboradores, levarase un libro-rexistro dos mesmos, dilixenciado polo Secretario co visto e praxe do Presidente e do cal expediranse os oportunos certificados.

A condición de membros colaboradores supón a aceptación dos estatutos e regulamento da Academia, así como as modificacións que puideran sufrir no seu momento, e igualmente o acatamento das decisións dos órganos de goberno adoptadas validamente en forma estatutaria nas esferas das súas respectivas competencias.

Os membros colaboradores da Academia terán os seguintes **dereitos**:

- 1º) Recibir todas as informacións e publicacións que realice periodicamente a Academia.
- 2º) Intervir e colaborar, con voz pero sen voto, nos traballos e debates das comisións de traballo, cando así o acorde Xunta Directiva.
- 3º) Asistir, previa convocatoria, aos actos públicos que a Academia celebre.
- 4º) Obter o título acreditativo e gozar dos beneficios, facultades e distincións que lles recoñece este regulamento.
- 5º) Figurar identificados en aquelas actividades profesionais que organice a Academia e que teñan repercusión a nivel nacional e internacional.

Os membros colaboradores terán as seguintes obrigas:

- 1º) Satisfacer as cotas ordinarias e extraordinarias que fixe a Xunta de Goberno previo informe da comisión de financiamento.
- 2º) Abonar os dereitos que correspondan por expedición de títulos ou despacho de certificacións.
- 3º) Realizar os traballos para que sexan designados polos órganos competentes da Academia, mentres non renunciem ou sexan substituídos.
- 4º) Entregar á Academia unha copia dos resultados das actividades relacionadas con ela que pasarán ós seus fondos documentais.

Os dereitos de membro colaborador pérdense:

- 1º) Por renuncia expresa, notificada por escrito dirixido á Xunta Directiva, que deberá acceder procurando que o solicitante estea ó corrente no pago.
- 2º) Por acordo da Xunta Directiva, en sesión convocada expresamente, de acordo co procedemento establecido nos estatutos. Deste acordo deberase dar conta á Asemblea Xeral na súa primeira reunión.

Nestes casos de baixa, a Xunta Directiva adoptará as disposicións e garantías que estime procedentes para asegurar a efectividade dos acordos, compromisos e operacións pendentes de realización ou de utilización en canto afecte ou corresponda ao socio que causa baixa.

Artigo 8. ADMISIÓN DE ASOCIADOS

Poderán pertencer á Asociación aquelas persoas físicas, que reúnan as seguintes condicións que se deben considerar como cualificación profesional para entrar a formar parte da Academia como membro de número. Sinálanse:

- 1º) Terse dedicado profesionalmente a actividades relacionadas co sector audiovisual como mínimo durante os últimos **tres anos** previos á súa solicitude de ingreso na Academia. No caso de estar en posesión dun título universitario de ciencias da información, ou da comunicación, ou técnico na actividade que desenvolva, o prazo anterior reducirase a **un ano dende a data de obtención do título**.

2º) Estar desenvolvendo unha actividade non descrita, pero que a xuízo da Xunta Directiva lle faga acredor de pertencer á Academia.

Os aspirantes a membros asociados indicarán na súa solicitude en qué área das enumeradas a continuación está desenvolvendo a súa actividade. As áreas delimitaranse pola Xunta Directiva, comprendendo, a título enunciativo e non limitativo, as seguintes:

<p><u>1.-Produción</u></p> <p>1.1.-Produtores 1.2.-Produtores executivos 1.3.-Directores de produción 1.4.-Xefes de produción 1.5.-Directores financeiros 1.6.-Secretarios de produción 1.7.-Axudantes de produción</p>	<p><u>2.-Dirección</u></p> <p>2.1.-Directores 2.2.-Realizadores 2.3.-Scripts/secretarios de dirección 2.4.-Directores de dobraxe 2.5.-Axudantes de dirección 2.6.- Rexedores de plató</p>	<p><u>3.-Escritores audiovisuais</u></p> <p>3.1.-Guionistas 3.2.-Dialoguistas 3.3.-Editores de guión 3.4.-Xornalistas 3.5.-Críticos 3.6.-Escritores 3.7.-Historiadores 3.8.-Comentaristas 3.9.-Docentes e asesores 3.10.-Lingüistas e tradutores</p>
<p><u>4.-Interpretación</u></p> <p>4.1.-Actores 4.2.-Presentadores 4.3.-Actores de dobraxe</p>	<p><u>5.-Arte</u></p> <p>5.1.-Deseñadores de produción 5.2.-Directores artísticos 5.3.-Escenógrafos 5.4.-Decoradores 5.5.-Rexedores 5.6.-Atrecistas 5.7.-Xefes de vestuario e deseñadores 5.8.-Xastres 5.9.-Construtores 5.10.-Maquilladores 5.11.-Perruqueiros 5.12.-Efectos especiais de rodaxe 5.13.-Especialistas 5.14.-Axudantes</p>	<p><u>6.-Promoción</u></p> <p>6.1.-Distribuidores 6.2.-Exhibidores 6.3.-Asesores 6.4.-Comerciais 6.5.-Técnicos de marketing 6.6.-Programadores de tv 6.7.-Xerentes e directores de organismos, institucións, festivais, etc.</p>

<p><u>7.-Fotografía</u></p> <p>7.1.-Directores de fotografía 7.2.-Operadores de cámara 7.3.-Iluminadores 7.4.-Xefes de eléctricos 7.5.-Eléctricos 7.6.-Foquistas 7.7.-Maquinistas 7.8.-Foto-fixa e fotógrafos 7.9.-Axudantes de cámara</p>	<p><u>8.-Música</u></p> <p>8.1.-Compositores 8.2.-Músicos 8.3.-Letristas 8.4.-Arreglistas 8.5.-Coreógrafos 8.6.-Bailaríns e intérpretes</p>	<p><u>9.-Son</u></p> <p>9.1.-Montadores de son 9.2.-Xefes de son 9.3.-Sonidistas 9.4.-Pertiguistas 9.5.-Técnicos de dobraxe 9.6.-Técnicos de son e axudantes</p>
<p><u>10.-Post-producción</u></p> <p>10.1.-Editores 10.2.-Montadores 10.3.-Técnicos de post-producción 10.4.-Técnicos efectos especiais dixitais e animación 10.5.-Técnicos en sistemas informáticos</p>		

A Xunta Directiva actualizará as categorías profesionais atendendo á evolución do sector.

A ampliación ou modificación das áreas anteriormente citadas comunicarase na Asemblea Ordinaria que se convoque con posterioridade á modificación.

Unha vez establecidas as áreas recollidas no artigo anterior, a Xunta Directiva asignará un responsable de cada unha das áreas segundo a súa especialidade e procurará que as súas actuacións como membros da Academia se adecúen preferentemente aos sectores relacionados coa súa especialidade. Este responsable tanto pode ser un dos membros da Xunta Directiva como un dos membros de número ou fundadores.

ARTIGO 9. PROCEDIMENTO DE ADMISIÓN.

a) O interesado deberá formalizar a súa solicitude por escrito dirixido á Xunta Directiva, que deberá resolver motivadamente nun prazo non superior a un mes a contar a partir do seguinte ao da realización do escrito de solicitude, comunicando a resolución ao solicitante, e

publicando dito acordo no taboleiro de anuncios da Asociación. Transcorrido dito prazo sen resolución expresa por parte da Xunta Directiva, entenderase denegada a admisión.

b) Denegada a admisión, o solicitante poderá recurrir no prazo dun mes a contar dende a súa notificación ou o fin do prazo. Dito recurso dirixirase á Asemblea Xeral que resolverá na primeira que se realice, por medio de votación segreda, sendo preceptiva en ámbolos dous casos previa a audiencia do interesado.

c) O acordo de admisión tamén poderá ser impugnado por socios que representen como mínimo o 5% dos mesmos, no prazo de dez días dende a publicación do acordo ante a Xunta Directiva, quen resolverá no prazo máximo dun mes ou, no seu defecto, ante a Asemblea Xeral, no prazo tamén de dez días, quen resolverá o recurso na primeira que se realice, por votación segreda, e, en ambos casos, previa audiencia do interesado.

Ata que non teña transcorrido o prazo para recurrir, ou ata que resolva a Asemblea Xeral, quedará en suspenso o acordo de admisión.

d) Serán convidados a formar parte da Academia Galega do Audiovisual, quedando exentos do pagamento da cota o primeiro ano, os premiados nas distintas categorías profesionais dos Premios do Audiovisual Galego “Mestre Mateo” que non sexan previamente académicos e cumpran os demais requisitos establecidos nos presentes estatutos

ARTIGO. 10 BAIXA VOLUNTARIA DO ASOCIADO.

O asociado pode darse de baixa voluntariamente da Asociación en calquera momento, mediante preaviso por escrito á Xunta Directiva, que deberá realizarse cunha antelación dun mes.

ARTÍGO. 11 BAIXA OBLIGATORIA OU EXPULSIÓN.

Cesará obrigatoriamente o asociado que perda os requisitos esixidos para adquirir dita condición, ou deixe de cumprir as obrigas establecidas nos presentes estatutos.

A baixa obrigatoria será acordada pola Xunta Directiva de oficio ou a petición de calquera socio ou a petición do interesado, en todo caso, previa audiencia do mesmo.

Se o socio estivera desconforme co acordo da Xunta Directiva sobre a baixa, poderá impugnar dito acordo ante a xurisdición ordinaria, podendo ser recurridos previamente ante a Asemblea Xeral, no prazo dun mes dende a notificación do acordo.

En ningún caso se terá dereito á devolución total ou parcial de cotas reportadas ata o momento da solicitude de baixa. No suposto de reingreso dunha persoa que voluntariamente deixase de pertencer á Academia, estarase ao que a Xunta Directiva acorde en cada caso.

Os dereitos de asociados pérdense:

1º) Por falta de pago dos **recibos correspondentes a un ano** que foran fehacientemente reclamados. Correspóndelle á Xunta Directiva adoptar este acordo.

2º) Por acordo da Xunta Directiva, en sesión convocada expresamente, segundo o procedemento establecido nos estatutos. Deste acordo deberá dar conta á Asemblea Xeral na súa primeira reunión onde deberá ser ratificada. Poderase acordar a expulsión polos seguintes motivos:

- a) Por falsidade comprobada de datos, méritos e condicións aportados para o seu ingreso na Academia.
- b) Por incumprimento das obrigas fixadas nestes estatutos.
- c) Por usurpación de funcións da Xunta Directiva ou de calquera dos membros.
- d) Por valerse da condición de membro da Academia para desenvolver actividades contrarias ás leis.
- e) Por falsificar documentos, sinaturas, estampillas, selos, marcas, claves ou datos análogos, relevantes para a relación da Academia cos seus membros ou con terceiros.
- f) En xeral, por realizar unha conduta impropia e lesiva para as fins e a proxección pública da Academia.

Nestes casos, a Xunta Directiva adoptará as disposicións e garantías que estime procedentes para asegurar a efectividade dos acordos, compromisos, operacións pendentes de realización en canto afecte ou corresponda ao socio que causa baixa.

Artigo 12.

Tanto a baixa forzosa como voluntaria implicarán para os membros a perda de todos os dereitos, mesmo os de carácter económico, que puideran corresponderlle na Academia, sen que, nin entón nin ao producirse no seu día a disolución desta última, teña dereito algún a participar no eventual reparto do remanente neto do haber común. En todos estes casos de

baixa, a Xunta Directiva adoptará as disposicións e garantías que estime procedentes para asegurar a efectividade dos acordos, compromisos, operacións pendentes de realización ou de utilización en canto atinxa ou corresponda ao membro que causa baixa.

A rehabilitación dos dereitos perdidos por falta de pago poderase solicitar á Xunta Directiva, que, previo informe do Secretario e da comisión de financiamento, resolverá o procedente, atendendo ás circunstancias de cada caso e fixando as compensacións económicas consistentes na obriga a satisfacer o correspondente a un ano de cotas.

Artigo. 13. NORMAS DE DISCIPLINA SOCIAL.

Os socios só poderán ser sancionados por incumprimento das obrigas e deberes establecidos nestes estatutos, conforme ao procedemento previamente establecido e con audiencia do interesado. As faltas cometidas polos asociados, que é competencia indelegable da Xunta Directiva, clasifícase en graves e leves.

Serán faltas graves:

- O incumprimento das obrigas económicas coa asociación.
- A inasistencia inxustificada ás asembleas xerais debidamente convocadas durante os últimos cinco anos.
- Os malos tratos de palabra ou de obra aos outros asociados con ocasión das reunións dos órganos sociais.

Serán faltas leves:

- Aquelas que se tipifiquen no regulamento de réxime interno.

Artigo. 14.

As sancións que se poidan impoñer aos socios pola comisión de faltas serán:

- Por faltas graves, multa de 300 a 1.200€ ou expulsión.
- Por faltas leves, amonestación verbal ou por escrito, ou multa de 60 a 300 €.

As faltas graves prescribirán aos dous meses e as leves ao mes, contados a partir da data en que a Xunta Directiva tivera coñecemento da súa comisión e en todo caso aos doce meses dende a data en que se cometera.

A prescrición interrúmpese pola incoación do procedemento sancionador, pero só no caso de que no mesmo recaera resolución e fora notificada no prazo de tres meses dende a súa iniciación.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, cando a sanción sexa a expulsión e a causa sexa atoparse o asociado ao descuberto nas súas obrigas económicas, non operarán os prazos de prescrición establecidos neste artigo, podéndose acordar a expulsión en calquera momento, a non ser que o socio regularice a súa situación durante a tramitación do expediente.

Artigo. 15. ÓRGANO SANCIONADOR E PROCEDEMENTO.

1. A facultade sancionadora é competencia indelegable da Xunta de Goberno.
2. En todos os supostos de sancións deberá instruírse expediente ao efecto e será preceptiva a audiencia ao interesado quen poderá facer alegacións por escrito.
3. Nos supostos de sanción e sen prexuízo do carácter executivo do acordo da Xunta de Goberno, o socio poderá recurrir en 30 días dende a súa notificación ante a Xunta Directiva. Dito recurso ante a Asemblea Xeral deberase incluír como primeiro punto na orde do día da primeira Asemblea que se realice, e será por medio de votación segreda con audiencia previa do interesado, podendo formalizarse esta mediante as súas alegacións por escrito.
4. Cando a sanción conleve a expulsión e a causa sexa atoparse o socio ao descuberto nas súas obrigas económicas, non operarán os prazos de prescrición, podéndose acordar a expulsión en calquera momento, a non ser que o socio regularice a súa situación durante a tramitación do expediente.

TITULO III. ÓRGANOS DE REPRESENTACIÓN.

CAPÍTULO I. DA ASEMBLEA XERAL

Artigo 16.

A Asemblea Xeral é o órgano máximo da Academia e estará integrada por todos os asociados. As reunións da Asemblea Xeral serán ordinarias e extraordinarias. As ordinarias celebraranse, polo menos unha vez ao ano. Con carácter extraordinario reunirse sempre que sexa convocada pola Xunta Directiva, o Presidente, ou cando o solicite, por escrito, unha décima parte, polo menos, dos membros. A Asemblea Xeral será convocada con quince días de adianto como mínimo, agás casos de urxencia que a Xunta Directiva aprecie. Neste suposto, a

convocatoria deberase facer como mínimo 2 días antes da data de celebración garantindo sempre a comunicación da mesma a todos os membros.

Artigo 17.

A Asemblea Xeral, tanto ordinaria coma extraordinaria, quedará constituída de pleno dereito, en primeira convocatoria, se se atoparan presentes ou representados a metade máis un dos membros, e en segunda convocatoria poderá constituírse pasada media hora da primeira, calquera que sexa o número de asistentes. Por en, cando a Asemblea Xeral haxa de adoptar acordos sobre a disolución da Academia será precisa a concorrencia de dous terzos dos seus compoñentes, en primeira convocatoria, e necesitará a metade máis un destes na segunda convocatoria. Os membros da Academia poderán asistir á Asemblea Xeral representados por outro membro debidamente acreditado.

Artigo 18. Forma da Convocatoria.

1. A convocatoria da Asemblea Xeral efectuarase a través do correo electrónico así como mediante anuncio exposto publicamente no domicilio social da asociación.
2. A convocatoria farase pública cunha antelación mínima de quince días no suposto de Asemblea Ordinaria, e de tres días no da Asemblea Extraordinaria, e cun máximo de dous meses á data de realización da Asemblea Xeral.
3. A convocatoria indicará polo menos data, hora, lugar de reunión en primeira e segunda convocatoria cun intervalo de tempo entre a primeira e a segunda convocatoria como mínimo de media hora, expresando con claridade, precisión e detalle de abondo os asuntos que compoñen a orde do día, así coma a documentación relativa ao mesmo, que poderán examinarse no domicilio social da Asociación.

Na convocatoria da Asemblea indicárase o lugar e a localidade da celebración da mesma.

Artigo 19. O dereito de voto

O dereito de voto poderase exercitar por medio doutro asociado, que non poderá representar, á parte de si mesmo, a máis dun asociado. A delegación de voto, que só se poderá realizar para unha asemblea concreta, deberá efectuarse mediante escrito autógrafo ou poder especial suscrito polo representado para cada asemblea, verificada tal representación polo Secretario da Asemblea.

A representación conferida entenderase revogada se o socio representado asiste á Asemblea Xeral, para a que concedeu a súa representación.

Artigo 20. Funcionamento da Asemblea.

1. A Asemblea Xeral estará presidida polo Presidente, e, no seu caso, polos Vicepresidentes, e en defecto de ambos pola persoa que designe a Xunta Directiva. Actuará de Secretario quen exerza esa función na Xunta Directiva, e, no seu defecto, a persoa que designe a Asemblea.
2. Corresponde ao Presidente facer o cómputo dos asistentes, e declarar, no seu caso, constituída a mesma. De igual maneira, correspóndelle ao Presidente dirixir as deliberacións, manter a orde no desenvolvemento da Asemblea, e velar polo cumprimento das formalidades legais e estatutarias.
3. As votacións serán segredas nos supostos previstos na lei ou cando teñan por finalidade a elección ou renovación dos membros dos órganos sociais. Adoptarase tamén mediante votación segreda, o acordo sobre calquera punto da orde do día, cando así o solicite un dez por cento dos votos presentes e representados.
4. Serán nulos os acordos sobre asuntos que non consten na orde do día, agás o de convocar unha nova Asemblea Xeral, prorrogar a sesión, destituír ou revogar a calquera membro ou membros dos órganos sociais.
5. Así mesmo, a Xunta Directiva ou, no seu caso, a Asemblea Xeral, poderán autorizar a asistencia, sen dereito de voto, de calquera outra persoa da que a súa presenza resulte de interese para o bo funcionamento da Asociación.

Artigo 21. Competencias.

A Asemblea Xeral, debidamente convocada e constituída, ten as máis amplas facultades para deliberar e resolver cantos asuntos teñan relación coa finalidade da Academia. Compételle á Asemblea Xeral:

- a. Elixir, de entre os seus membros, á Xunta Directiva da Academia e o seu Presidente, cando corresponda, todo isto de acordo coas normas electorais incluídas no regulamento de réxime interno.
- b. A aprobación e liquidación dos orzamentos de ingresos e gastos anuais da Academia e fixación das cotas que a cada un dos membros lle corresponde para cubrilos.
- c. A aprobación ou reprobación da actuación dos órganos representativos da Academia.

- d. Delegar na Xunta Directiva, total ou parcialmente, a facultade de ampliar o orzamento de gastos durante o exercicio, ou dispoñer indispensables transferencias de créditos orzamentarios.
- e. A aprobación e reforma dos estatutos.
- f. A disolución e liquidación da Academia.
- g. Calquera outra competencia que lle veña atribuída por lei.
- h. A ratificación das baixas sempre que non sexan por vontade propia ou impago de cotas.

Artigo 22.

Os acordos tomaranse por maioría de votos presentes ou representados, non obstante, requirirán maioría cualificada das persoas presentes e representadas, os acordos relativos á disolución, modificación dos estatutos, disposición ou alleamento de bens, e remuneración dos membros de órganos de representación. Cada membro terá dereito a un voto. De cada reunión levantarase unha acta que recolla a marcha dos debates e intervencións que tivesen lugar, así como as modalidades de decisión (unanimidade ou maioría), e os votos particulares sobre as decisións adoptadas con expresión dos seus autores. As actas inseriranse nun libro debidamente dilixenciado e serán autorizadas polo Secretario da Academia, co visto e prace do Presidente. De cada acta, o Secretario, co visto e prace do Presidente, expedirá os certificados que se precisen.

Artigo 23.

Nas reunións unicamente poderán ser tratados e coñecidos os asuntos que previamente foran sinalados na orde do día pola Xunta Directiva. A Xunta deberá incluír na orde do día todas aquelas propostas ou asuntos que sexan solicitados polos membros da Academia, e sempre que conste a proposta por escrito dirixido á Xunta Directiva ata tres días antes da celebración da asemblea.

Nas Asembleas Xerais, sexan ordinarias ou extraordinarias, é obrigada a existencia dun punto na orde do día reservado a *Rogos e Preguntas*. Neste punto serán expostos todos aqueles temas que non necesiten aprobación. Os temas formulados no punto de rogos e preguntas, que necesiten o referendo da Asemblea, deberán ser tratados nunha próxima Asemblea tendo que figurar como punto da orde do día.

CAPÍTULO II. DA XUNTA DIRECTIVA

Artigo 24. ELECCIÓN.

A Xunta Directiva estará constituída por dez Vogais, incluídos o Presidente, e, se é o caso, o Vicepresidente primeiro e o Vicepresidente segundo. Os Vogais a designar pola Asemblea serán elixidos pola Asemblea Xeral de entre os socios, mediante listas pechadas, e en votación segreda polo maior número de votos, por un período de **dous anos**, sen prexuízo da súa posible reelección. Non poderá ser proposto candidato, nin elixido para ser Presidente, quen desenvolvera tal cargo durante dous mandatos previos á elección. **Tampouco será compatible o cargo de Presidente co desenvolvemento dun cargo político, dun posto de alta dirección en calquera das canles, plataformas dixitais, operadores de cable ou calquera tipo de cargo público.**

A Xunta Directiva electa elixirá de entre os seus membros un Vicepresidente primeiro e un Vicepresidente segundo, os nomeamentos dos cales deberan recaer sobre dous dos Vogais elixidos pola Asemblea. O Vicepresidente segundo soamente poderá asumir as funcións propias do seu cargo no caso de ausencia ou autorización expresa do Vicepresidente primeiro. En caso de baixa, cesamento ou dimisión do Presidente, a Xunta Directiva elixirá, de acordo co regulamento de réxime interno, un novo Presidente, o nomeamento do cal deberá recaer sobre un dos Vogais da Xunta Directiva.

A distribución dos cargos será realizada pola Xunta Directiva na primeira sesión que se celebren, que necesariamente se levará a cabo dentro dos trinta días seguintes a contar dende a celebración da Asemblea Xeral na que foron elixidos.

A Xunta Directiva poderá propoñer provisionalmente o nomeamento de Vogais para ocupar as vacantes que existan, que deberán ser ratificados na primeira Asemblea que se convoque con posterioridade á designación. A Xunta Directiva estará asistida polo Secretario da Academia, que non terá a condición de Vogal e que exercerá as funcións previstas estatutariamente.

Artigo 25.

A Xunta Directiva reunirse preceptivamente cada tres meses. Así mesmo reunirse sempre que o determine o seu Presidente ou que o solicite un terzo dos seus membros. Os membros da Xunta Directiva serán convocados para cada reunión con tres días, polo menos, de antelación á data en que deben reunirse, e en caso de urxencia, apreciada polo Presidente, a

que este estime oportuna. Neste caso, para que a reunión sexa válida será precisa a asistencia de 5 membros da Xunta Directiva.

Para que resulte válida a reunión, en primeira convocatoria, deberán asistir, polo menos, presentes ou representados, a metade máis un dos seus membros. Se na citación non consta expresamente a segunda convocatoria, queda sobreentendido que media hora despois da sinalada quedará constituída en segunda convocatoria, e serán válidos os acordos que se adopten, calquera que sexa o número de membros asistentes, sempre que un destes sexa o Presidente ou persoa que legalmente o substitúa.

Os acordos tomaranse por maioría de votos presentes ou representados. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente. Todos os acordos serán recollidos no libro de actas, que serán autorizados polo Secretario, co visto e prace do Presidente. Se por enfermidade ou outras causas xustificadas un Vogal non puidera acudir á Xunta, estará facultado para delegar a súa representación no Presidente da Academia ou en calquera outro membro da Xunta Directiva. En canto ao sinalamento da orde do día, seguirase a mesma norma que para a Asemblea Xeral.

As sesións extraordinarias da Xunta Directiva poderán ser convocadas por motivos e causas que o xustifiquen, por decisión do Presidente ou cando o soliciten alomenos un terzo dos seus compoñentes.

Artigo 26.

Á Xunta Directiva da Academia compétenlle:

- a. Os poderes máis amplos para a xestión das fins da Academia, podendo, en consecuencia, executar os actos e celebrar os contratos que sexan necesarios e convenientes ao seu xuízo, sen outras limitacións que as que establecen as disposicións aplicables e que estes estatutos lle atribúen á Asemblea Xeral.
- b. Confeccionar e someter á Asemblea Xeral os orzamentos anuais da Academia.
- c. Confeccionar e preparar as contas e memorias do exercicio anterior e determinar as cotas anuais dos membros, para a súa ulterior aprobación pola Asemblea Xeral.
- d. Elixir Vicepresidente primeiro e Vicepresidente segundo, e nomear Secretario, Xerente e calquera outro cargo da Academia.

- e. Admitir novos membros ou acordar a súa baixa, ben sexa esta a petición propia ou como sanción, dando no seu momento conta á Asemblea Xeral.
- f. Levar a representación xurídica da Academia e exercer os seus dereitos e accións en xuízo e fóra del, podendo delegar estas facultades, así como calquera outra atribuída por estes estatutos e polas disposicións aplicables, indistintamente, no seu Presidente, nalgún ou nalgúns dos seus membros, na Xerencia, no Secretario ou en persoa allea á Academia, sen máis limitacións que as contidas na lexislación aplicable.
- g. Tódalas demais funcións propias do seu cometido, contempladas na lexislación aplicable.
- h. Convocar os premios da Academia.

A Xunta Directiva resolverá as dúbidas que se dean na interpretación dos presentes estatutos e suplirá as súas omisións, dando conta á Asemblea Xeral para que acorde o que estime oportuno.

Artigo 27.

O **PRESIDENTE DA ACADEMIA** serao tamén da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, desempeñando as seguintes funcións:

- a. Convocar e presidir as reunións, tanto ordinarias coma extraordinarias, da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- b. Representar á Academia en todas as ordes, actuando no seu nome na execución dos acordos tomados pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.
- c. Fixar a orde do día das reunións coa antelación precisa.
- d. Autorizar as actas das reunións co seu visto e praxe.
- e. Levar a cabo o programa de traballo presentado á Asemblea e polo que foi elixido.
- f. Asinar as ordes de pagamento xunto co tesoureiro.
- g. Con carácter xeral, todas as demais funcións propias do cargo.

Artigo 28.

O **VICEPRESIDENTE PRIMEIRO**, e, se é o caso, o **VICEPRESIDENTE SEGUNDO**, asumirá, nos casos de ausencia do Presidente, a totalidade das funcións que a este lle correspondan. As reunións, tanto ordinarias coma extraordinarias, da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva,

serán presididas, en caso de ausencia do Presidente, polo Vicepresidente primeiro e, de ser o caso, polo Vicepresidente segundo.

Artigo 29.

Ó SECRETARIO compételle:

- a) Formar parte da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva como Secretario, os libros de actas das cales levará de conformidade co establecido, podendo expedir certificacións dos acordos, co visto e praxe do Presidente.
- b) Reseñar os asistentes ás reunións e verificar os votos a favor, nulos, en branco ou en contra, naquelas cuestións que se sometan a votación, así como verificar a representación cando o dereito de voto se exerza a través da delegación a outro asociado.
- c) Redactar, consonte ás instrucións do Presidente, as convocatorias e a orde do día da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- d) Asesorar ambas, así como ter informados de cantos asuntos poidan ser de interese a todos os membros afiliados.
- e) As funcións que lle deleguen a Asemblea Xeral, a Xunta Directiva ou o Presidente
- f) Asistir e asesorar á Xunta Electoral e expedir a certificación dos acordos adoptados e dos resultados das votacións.
- g) Expedir certificacións dos acordos, co visto bo do Presidente.

Artigo 30.

O **TESOUREIRO** recadará e custodiará os fondos pertencentes á Asociación e dará cumprimento ás ordes de pago que expida o Presidente.

Entre as súas funcións:

- a) Realizará as contas anuais, para a súa presentación e aprobación por parte da Asemblea Xeral.
- b) Controlará a levanza dos libros de contabilidade.

Artigo 31.

Os **VOGAIS** terán as obrigas propias do seu cargo coma membros da Xunta Directiva, así coma as que nazan das delegacións ou comisións de traballo que a propia Xunta lles encomende.

CAPÍTULO III. DA XERENCIA

Artigo 32.

A Xerencia é o órgano ao que ven encomendado o funcionamento e desenvolvemento das actividades da Academia.

Artigo 33.

Á Xerencia correspóndelle:

- a. Por delegación do Presidente, a representación da Academia en toda clase de actos e xestións.
- b. Promover as actividades encamiñadas ao cumprimento das fins da Academia, propondo á Xunta Directiva as solucións oportunas.
- c. Asistir ás sesións da Xunta Directiva e Asemblea Xeral con voz, pero sen voto, agás no caso de ser socio de número.
- d. Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva, segundo as instrucións dadas polo Presidente.
- e. Informar á Xunta Directiva do resultado e incidencias que se produzan na súa xestión.
- f. Dirixir todos os servizos da Academia.

Artigo 34.

A Xerencia propoñerá á Xunta Directiva as áreas funcionais que desenvolvan as actividades da Academia.

Artigo 35.

Correspóndelle á Xerencia a execución e a tramitación correspondente á contratación do persoal técnico administrativo e subalterno, axustándose en todo momento aos acordos aprobados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO III A. DAS COMISIÓNS HORIZONTAIS

Artigo 36 A. Constitución e representación.

A Xunta Directiva poderá crear as comisións que considere pertinentes para o bo funcionamento da Academia. Cada comisión terá delimitado o conxunto de actividades que poderá realizar e deberá dar conta das súas actividades á Xunta Directiva, quen ratificará, se así o estima oportuno, os acordos adoptados na primeira reunión que se celebre con posterioridade.

A designación dos responsables de cada comisión correspóndelle á Xunta Directiva, de entre os seus membros, e as súas actividades estarán abertas á libre participación de calquera académico interesado, previa aceptación do responsable da mesma. Cada responsable poderá solicitar axuda a calquera membro de número da Academia, que poderá formar parte da Comisión.

Artigo 36 B. Finalidade.

A finalidade das comisións é axilizar o funcionamento da Academia e teñen plena autonomía para a realización de actividades dentro do ámbito das competencias asignado por este regulamento ou pola Xunta Directiva. **Cada membro da Xunta Directiva só poderá ser titular dunha das comisións.**

TITULO IV. DO RÉXIME ECONÓMICO DA ACADEMIA

Artigo 37.

Os ingresos da Academia procederán de:

- a. Cotas ordinarias.
- b. Cotas extraordinarias, cando as circunstancias o requiran e trala autorización da Asemblea Xeral.
- c. Contribucións especiais.
- d. Doazóns e subvencións de persoas ou entidades públicas ou privadas.
- e. Os rendementos que se obteñan pola explotación dos seus bens.
- f. Calquera outro que poida obter a Xunta Directiva dentro das fins da Academia.

Artigo 38.

Enténdese por cota ordinaria a que deberán satisfacer anualmente os membros da Academia e será fixada pola Asemblea Xeral, a proposta da Xunta Directiva.

Os gastos a que dea lugar o sostemento da Academia sufragaranse coas cotas e derramas aprobadas, así como, se é o caso, coas contribucións, ingresos e rendementos indicados no artigo 35.

A administración dos recursos da Academia compételle á Xunta Directiva, quen a levará a efecto a través da Xerencia, destinándose aqueles ó desenvolvemento das fins da Academia.

Artigo 39.

A vida económica da Academia acomodarse ao réxime orzamentario. Os orzamentos serán anuais, cadrando a súa vixencia co ano natural. Carecendo a Academia de patrimonio fundacional, o límite máximo do orzamento anual fíxase en UN MILLÓN OITOCENTOS TRES MIL TRINTA E SEIS EUROS, CON TRINTA E UN CENTIMOS (1.803.036,31 €).

Os orzamentos serán redactados pola Xunta Directiva, que os elevará á Asemblea Xeral para a súa aprobación. O orzamento e liquidación do exercicio anterior estará a disposición de calquera membro que o solicite durante quince días antes da celebración da Asemblea Xeral.

Artigo 40.

A autorización de cobros e ordenacións de pagamentos poderá ser efectuado polo Presidente da Academia ou por aquelas persoas en quen delegue. En canto á dispoñibilidade de fondos da Academia en contas bancarias, estarase ó que acorde a Xunta Directiva.

Artigo 41.

O patrimonio inicial ou fondo social da asociación é inexistente e establececese que o exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano.

TÍTULO V. A DISOLUCIÓN DA ACADEMIA

Artigo 42.

A Academia disolverase cando o acorde a Asemblea Xeral, convocada a tal efecto e por unha maioría de 2/3 dos asociados, ou cando legalmente proceda conforme ás disposicións vixentes.

En caso de disolución haberán que liquidar todas as obrigas e débedas que a Academia teña pendentes cos membros ou con terceiros, constituíndose para o efecto a Xunta Directiva en comisión liquidadora, levando a cabo os acordos que adopte a Asemblea Xeral. Se no procedemento de disolución e posterior liquidación, e, unha vez extinguidas as débedas, existise sobrante líquido, este deberá ser destinado a fins benéficas.

TITULO VI. DOS PREMIOS DA ACADEMIA.

Artigo 43. Obxecto.

A Academia Galega do Audiovisual poderá convocar anualmente os seus premios para toda a produción audiovisual, así como para os profesionais que interveñan de calquera xeito nos mesmos.

De acordo coas fins da Academia, os premios teñen o propósito de estimular a creación, produción e emisión de produtos audiovisuais feitos en Galicia, distinguindo e galardoando ós profesionais, empresas e obras audiovisuais máis destacados.

As bases dos premios anuais serán aprobadas pola Xunta Directiva e faranse públicas e serán comunicadas a tódolos membros da Academia.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo o non previsto nos presentes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica de Asociacións (Lei 1/2002 de 22 de marzo) e disposicións complementarias.



DILIXENCIA FINAL

Dna. Sara Horta Crugeiras, na súa calidade de secretaria da Asociación Academia Galega do Audiovisual fai constar que os presentes estatutos foron modificados por acordo da Asemblea Xeral e Electoral celebrada o 27 de maio de 2011.

A Coruña, a 27 de maio de 2011

E asinan en proba de conformidade:

Presidente: Antonio Mourellos Vázquez

Vicepresidente: Jorge Coira Nieto

Secretaria: Sara Horta Crugeiras

Tesoureira: María Mar Liaño Español

Vogal: Jaime Arias Rodríguez

Vogal: Daniel Domínguez García

Vogal: M^a Teresa García-Garabal Sánchez

Vogal: Emma Lustres Gómez

Vogal: José Pereira Fariña

Vogal: Luís López Tosar